

SUBVENCIONS PARA CALDEIRAS DE BIOMASA DESTINADAS A PARTICULARES AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

IN421P para particulares

IN421N para a selección de entidades colaboradoras

Obxecto

O obxecto destas subvencións é apoiar proxectos promovidos polos particulares con fins de aforro enerxético e fomento do uso das enerxías renovables.

Persoas beneficiarias das subvencións

Poderán ser beneficiarias das subvencións, as persoas físicas titulares de calquera dereito sobre un inmovible de dereito residencial sito na Comunidade Autónoma de Galicia.

Proxectos subvencionados

Caldeiras que utilicen leña e caldeiras de pellets.

Contía da axuda

A contía da axuda será do 50 % do investimento elixible da instalación. A contía máxima por proxecto será de 8.000 €.

Forma de presentación de solicitudes (procedemento IN421P)

As entidades colaboradoras adheridas son as encargadas de tramitar o procedemento (presentar a solicitude e a documentación xustificativa da actuación).

Prazo de presentación de solicitudes de axuda

Para a adhesión das entidades colaboradoras: ata 1 de xuño de 2023.

Para as persoas interesadas: comezará o 1 de marzo de 2023 ás 9.00 horas e rematará o 29 de xuño de 2023 ou cando se esgoten os fondos.

Prazo de execución das instalacións

O prazo de execución das instalacións iniciarase unha vez se teña efectuado a solicitude de axuda ante esta entidade e rematará o 2 de outubro de 2023

Información ás persoas interesadas

1. No Concello de Touro
2. Na páxina web do Inega (www.inega.gal) e no correo electrónico inega.info@xunta.gal
3. No teléfono 981 54 15 00
4. <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>